

## **INFORME - PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

Visto o Decreto do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, don Pablo Permuy Villanueva de data 30/08/2023 de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o Informe- Proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, (familias numerosas) asinada pola Xefa do Servizo de Facenda Local na data de 04/09/2023 co conforme do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, na data 04/09/2023.

Visto o Informe- Proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, (colexios concertados) asinada pola Xefa do Servizo de Facenda Local na data de 04/09/2023 co conforme do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, na data 05/09/2023.

Visto o Informe- Proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, (sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico) asinada pola Xefa do Servizo de Facenda Local na data de 04/09/2023 co conforme do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, na data 05/09/2023.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data 06/09/2023 co conforme da Asesoría Xurídica de data 07/09/2023.

Visto o anteproxecto de modificación Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos de data 07/09/2023.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 11/09/2023.

Visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data 12/09/2023.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data 18/09/2023.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**FACENDA LOCAL**

ICB/icb

Refª: ispac1256378764437926687.doc0781

Asunto: Modificación Ordenanzas Fiscais ano 2024 \_ 2023/G004/000781

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 203  
IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

**1) Engádesse un apartado 3) ao artigo 4, que queda redactado como segue:**

3) Gozarán de exención, previa solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A solicitude, que deberá presentarse para cada exercicio antes da finalización do período voluntario de cobro do imposto, incluírá a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención:

a) Certificado da administración educativa correspondente, acreditativa da calidade de centro concertado, asignable aos edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de exención

b) Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos, adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servizos complementarios da ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados.

**2) Modifícase o segundo parágrafo do apartado 4) do artigo 5 que queda redactado como segue:**

*Esta bonificación concederáse a petición do interesado exclusivamente para a vivenda que constituía a residencia habitual de toda a familia numerosa e que deberá acreditarse na correspondente solicitude. Para estes efectos, se considerará vivenda habitual aquela onde se atopen empadroados todos os seus membros.*

**3) Modifícase o apartado sete do artigo 5 que queda redactado como segue:**

*7.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación, os bens inmobles destinados a vivenda habitual dos suxeitos pasivos deste imposto, que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo.*

*A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente*

*homologación pola Administración competente. Así mesmo, deberá acreditarse que se solicitou e concedido a oportuna licenza municipal.*

*Non se outorgará esta bonificación cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.*

*Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. As solicitudes serán enviadas dende o Servizo de Facenda Local, coa documentación que as acompaña, ao Servizo de Medio Ambiente que, valorando que se reúnan os requisitos esixidos, formularán informe sobre a súa concesión.*

*O outorgamento da bonificación por instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar estará condicionado a que o cumprimento dos anteriores requisitos quede acreditado mediante a achega do proxecto técnico ou memoria técnica, do certificado de montaxe, no seu caso, e do certificado de instalación debidamente dilixenciados polo organismo autorizado pola Comunidade Autónoma. Así mesmo, deberá acreditarse que se solicitou e concedido a oportuna licenza municipal, aportando a seguinte documentación:*

*\* A licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía renovable, segundo se precise para cada caso.*

*\* A carta de pago da taxa pola prestación de servizos urbanísticos que se tramitaron.*

*\* O certificado final das obras.*

*\* A carta de pago do imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*\* Especificacións técnicas dos sistemas instalados:*

*1) Nos sistemas de aproveitamento térmico, deberá constar certificado dun instalador acreditado no que se constate o cumprimento da normativa vixente en materia de eficiencia enerxética nas construcións.*

*2) Nos sistemas de aproveitamento eléctrico deberá constar certificado de instalación efectuado polo técnico correspondente no que se recolla que a instalación é capaz de producir unha porcentaxe de enerxía aforrada anualmente de polo menos un 30%.*

## DISPOSICIÓN FINAL

## FACENDA LOCAL

ICB/icb

Refª: ispac1256378764437926687.doc0781

Asunto: Modificación Ordenanzas Fiscais ano 2024 \_ 2023/G004/000781

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.-** Elevar ao Excmo. Concello Pleno o devandito proxecto aprobado, para a súa aprobación inicial.

**TERCEIRO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

**CUARTO.-** Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Asinado dixitalmente pola Xefa do Servizo de Facenca Local, Isabel Carbonés Bosch, co conforme do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, don Ángel Pablo Permuy Villanueva, na data que se indica á marxe.